

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISION INFORMATIVA DE INFRAESTRUTURAS VIARIAS E MOBILIDADE DO 20 de setembro de 2021.

PRESIDENTE: DON XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO

SUPLENTE: DONA IRIA LAMAS SALGUEIRO substituíndo a Gregorio Agís Gómez.

VOGAIS:

DONA ANA MARÍA MEJÍAS SACALUGA
 DON SANTOS HÉCTOR RODRÍGUEZ DÍAZ
 DON GORKA GÓMEZ DÍAZ
 DON CARLOS LÓPEZ FONT
 DON MANUEL GONZÁLEZ MARTÍNEZ
 DONA ANA LAURA IGLESIAS GONZÁLEZ.
 DONA OLGA MARÍA GARCÍA BALLESTEROS
 DON MIGUEL DOMÍNGUEZ ALFONSO
 DON JORGE CUBELA LÓPEZ
 DON JOSÉ ALFONSO MARNOTES GONZÁLEZ
 DONA MARÍA PAZ LAGO MARTÍNEZ
 DON. IGNACIO MARIL PARDO
 DON JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS
 DON JAVIER TOURÍS ROMERO
 DONA MARÍA ORTEGA IÑARREA substituíndo a Uxío Benítez Fernández.

Sendo as dez horas e cincuenta e cinco minutos do día 20 de setembro de 2021, reúnese a Comisión Informativa de Infraestruturas Viarias e Mobilidade.

Preside a sesión Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo e asisten as deputadas/os que se relacionan á marxe.

Actúa como secretario o secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, Carlos Cuadrado Romay.

Aberta a sesión pola Presidencia, adoptáronse os seguintes acordos:

1. Aprobación da acta da sesión anterior (10 de setembro de 2021).

A Comisión acorda por unanimidade aprobar a acta da sesión de 10 de setembro de 2021.

2.- Cambio de titularidade e posterior entrega ao Concello de Pontearreas dun treito de 900 metros lineais da Estrada Provincial EP-4001 Pontearreas - Guillade, PQ. 0+000 ata o PQ. 0+900 (exped.2021037349).

A Comisión ditamina favorablemente, por unanimidade, o informe- proposta que se transcribe a continuación:

Expediente	2021037349
Asunto	Cambio de titularidade e posterior entrega ao Concello de Pontearreas dun treito de 900 metros lineais da Estrada Provincial EP-4001 Pontearreas - Guillade, do PQ. 0+000 ata o PQ. 0+900.
Trámite	Aprobación Pleno

Antecedentes.



1. O Concello de Pontearreas en data 12/07/2021 solicitou co núm. de rexistro de entrada WEB2021028588o o cambio de titularidade, de provincial a municipal, dos primeiros 800 metros da EP 4001 Pontearreas - Guillade, tramo coincidente co proxecto “Camiño escolar seguro ao CEIP Ramiro Sabell de Pontearreas” que discorre por vieiros municipais e polo antedito treito da EP 4001. Na solicitude indicase que o proxecto será incluído na convocatoria de REACPON da Deputación Provincial. Posteriormente, con data 14/07/2021 e número de rexistro de entrada WEB2021028921, comunica erro no tramo acotado ata o PQ. 0+800, cando en realidade a transferencia que se solicita é a comprendida entre o PQ. 0+000 e o PQ. 0+900.
2. Informes dos servizos técnicos de 29 de xullo de 2021 sobre a solicitude de transferencia e sobre o valor patrimonial do treito obxecto da mesma.

Consideracións legais e técnicas:

1ª Lexislación aplicable.

- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia (en diante, LEG).
- Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia (en diante, RXEG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local (en diante, LBRL).
- Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (en diante, ROF).
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

2ª Características funcionais do treito obxecto do cambio de titularidade e valor patrimonial.

A solicitude de transferencia ao Concello foi informada favorablemente polos servizos técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais o 29 de xullo de 2021. No informe sinálase:

“Este treito, que recibe a denominación municipal de Rúa Trovador Juan García de Guillade, ten na actualidade unhas características funcionais e de utilidade, que son asimilables ao viario municipal de tipo urbano dada conta que dispón de beirarrúas a ambas marxes, bandas laterais de aparcamento de vehículos e alumeadado público.”



Ademais, este treito é o soporte viario de acceso e servizo a distintos equipamentos públicos educativos como son o IES Pedra da Auga, o CEIP Ramiro Sabell, e tamén, a un centro médico.

Logo do carácter de acceso a estes centros educativos o Concello de Ponteareas ten a previsión de implementar neste treito da estrada provincial un Camiño Escolar Seguro de acceso ao CEIP Ramiro Sabell.

Polas amentadas características funcionais e de utilidade, o antedito treito carece da funcionalidade de soporte físico para as comunicacións e a circulación de vehículos automóbiles, e en consecuencia, non ten as características propias dunha estrada provincial”.

Tramítase a proposta de aprobación da transferencia e, posterior entrega ao Concello de Ponteareas, por considerarse conforme co disposto no preámbulo e no artigo 9 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia e no artigo 18 do Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia.

Segundo o informe de valoración patrimonial emitido polo xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas, o valor patrimonial do treito obxecto do cambio de titularidade é de dous millóns douscentos cincuenta mil euros (2.250.000 €).

3ª. Administración competente para a aprobación do cambio de titularidade e procedemento.

A modificación na titularidade non altera a cualificación do treito como de dominio público. De acordo co artigo 9.7 da LEG os cambios de titularidade poderán comprender estradas, tramos destas, elementos funcionais e/ou espazos da zona de dominio público adxacente.

Así mesmo os artigos 9.4 da LEG e o 18. 1 do RXEG establecen que os cambios de titularidade de estradas ou treitos delas, cando non se trate de travesías urbanas ou treitos destas que estean incluídos no inventario de travesías da súa administración titular, deberán ser aprobados por Decreto da Xunta de Galicia, logo do acordo das administracións afectadas.

De acordo co artigo 9.6 da LEG as resolucións ou os decretos polos que se aproben os cambios de titularidade de estradas obxecto da dita lei deberán publicarse no Diario Oficial de Galicia e serán efectivos ao día seguinte da súa publicación naquel.

O artigo 33 2 ñ) da LBRL establece que lle corresponden ao Pleno as atribucións que esixan para a súa aprobación unha maioría especial. De acordo co artigo 47.2 ñ) precísase quórum de maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais para a adopción de acordos de cesión gratuíta de bens das entidades locais.



Igualmente, de acordo co artigo 70.14 do ROF, correspóndelle ao Pleno a adquisición de bens e toda transacción sobre os mesmos, así como o seu alleamento e calquera outro acto de disposición incluída a cesión gratuíta a outras administracións.

Conforme ao disposto nos artigos 3.3 .a) e 4. 1.b 5º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, son preceptivos os informes da Secretaría e da Intervención.

En data 25/08/2021 emítense informe de Secretaría Xeral no que se fai constar que *“debería de completarse o expediente que se presenta:*

- *Coa aclaración técnica da concorrencia dalgunha das condicións que o art. 18.11 do REG sinala, dando por suposto que non estamos ante unha travesía.*
- *Coa explicación da improcedencia das porcentaxes de financiamento (e execución no seu caso) de hipotéticas obras que a cesión demandara, en termos equivalentes a actuacións similares, segundo o Decálogo aprobado polo Pleno corporativo. Noutro caso, a súa corrección. Isto segundo se expón no apartado b) deste informe”.*

Polos servizos técnicos de infraestruturas e mobilidade, con data 27/08/2021, emítense informe aclaratorio complementario requirido por Secretaría. Así mesmo, constatase que a transferencia non deriva de convenio ningún para a realización de obras e tramitase a petición do Concello de Ponteareas, tal como se sinala no apartado b) do informe de Secretaría “a petición do Concello á marxe dun hipotético proceso de planificación de obras neste sentido, podería xustificar o anterior”.

Coa data 08/09/2021 a Intervención xeral emite informe favorable.

Polo indicado, proponse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o cambio de titularidade a favor do Concello de Ponteareas dun treito de 900 metros lineais da Estrada Provincial EP-4001 Ponteareas – Guillade, do PQ. 0+000 ata o PQ. 0+900.

O dito treito do viario incorporárase á relación de estradas de titularidade do Concello de Ponteareas tal e como se sinala no artigo 10.6 da Lei 8/2013, de estradas de Galicia.

Segundo.- Trasladar o expediente á Xunta de Galicia para a súa tramitación segundo o disposto nos artigos 9 da LEG e 18 e seguintes do RXEG.



Terceiro.- Facultar á presidenta da Deputación de Pontevedra para a sinatura da acta de entrega entre o Concello e a Deputación.

3. Rogos e preguntas.

Non se formulan.

Non habendo máis asuntos o presidente levanta a sesión sendo as doce horas e trinta minutos do que eu, secretaria, dou fe.

Documento asinado dixitalmente

